

CRITERIOS PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) 2016

(Aprobados por Acordo do Consello de Goberno do 28/06/2016)

1. PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DAS CÁTEDRAS DE UNIVERSIDADE

No Consello de Goberno do 28/06/2016 aprobouse a inclusión na OEP do ano 2016 de 4 prazas de Catedrático/a de Universidade polo sistema de promoción interna que establece a disposición final primeira o Real decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro.

A Universidade da Coruña seleccionará os/as candidatos/as entre aqueles/as Profesores/as Titulares de Universidade cuxa promoción foi aprobada no Consello de Goberno na sesión do 17 de xullo de 2012, como resultado do procedemento establecido no Programa de promoción do Persoal Docente e Investigador acreditado (Aprobado por acordo do Consello de Goberno do 10 de decembro de 2008 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 27 de xuño de 2012) segundo os seguintes criterios por orde de prelación, sen que dos mesmos se desprenda máis dunha convocatoria por rama de coñecemento¹:

- Ano da acreditación ao corpo de Catedráticos/as de Universidade²
- Antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña³

2. PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DAS PRAZAS DE TITULAR DE UNIVERSIDADE

No Consello de Goberno do 28/06/2016 aprobouse a inclusión na OEP de 3 prazas de Titular de Universidade. Unha destas prazas estará reservada ao profesorado Contratado Doutor cuxa promoción foi aprobada no Consello de Goberno na sesión do 17 de xullo de 2012, como resultado do procedemento establecido no Programa de promoción do Persoal Docente e Investigador acreditado (Aprobado por acordo do Consello de Goberno do 10 de decembro de 2008 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 27 de xuño de 2012).

Dúas prazas resérvanse para a promoción do profesorado que estea contratado na actualidade coa figura de Profesor/a Contratado/a Doutor/a. Establécense os seguintes criterios por orde de prelación, sen que dos mesmos se desprenda máis dunha convocatoria por rama de coñecemento:

- Ano da acreditación ao corpo de Titulares de Universidade
- Antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente realizará unha convocatoria co fin de que o profesorado Contratado Doutor, interesado en acceder ao corpo de Titulares de Universidade, solicite a creación dunha praza na súa área de coñecemento.

Esta convocatoria publicarase na Sede Electrónica da UDC tralo anuncio da OEP no DOG. Co fin de darlle a máxima difusión, a publicación realizarase en período lectivo.

¹ A rama de coñecemento será a da Comisión de Acreditacións que conste no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades

² Tomarase como referencia a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades

³ Inclúese a antigüidade como persoal docente recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con tódolos seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG 24 de xaneiro de 1990)

3. PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DAS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE AXUDANTES DOUTORES/AS E INVESTIGADORES/AS DO PROGRAMA ISIDRO PARGA PONDAL

No Consello de Goberno do 28/06/2016 aprobouse a inclusión na OEP de 9 prazas de Profesor/a Contratado/a Doutor/a (2 estarán reservadas a investigadores do programa Ramón y Cajal con certificado I3, debido á obriga establecida na Lei 12/2015 de Orzamentos) e 1 praza de Titular de Universidade

Co fin de determinar a orde de prelación das prazas, aplicaranse os criterios que se especifican a continuación:

Primeiro- Praza de Titular de Universidade. Terá prioridade sobre os/as restantes aqueles/as solicitantes que remataron os seus contratos de Axudante Doutor/a no ano 2015 e quedaran excluídos por falta de prazas nas anteriores OEP e contén coa acreditación a Titular de Universidade.

Segundo- Prazas de Contratado/a Doutor/a. Terán prioridade sobre os restantes aqueles/as solicitantes que remataron os seus contratos de Axudante Doutor/a no ano 2015 e quedaran excluídos por falta de prazas nas anteriores OEP.

Terceiro- No caso de non se cubrir toda a OEP segundo o establecido no punto segundo, terán prioridade aqueles/as solicitantes que rematen o seu contrato como Axudante Doutor/a antes do 31/08/2016.

Cuarto- No caso de existir máis candidatas ou candidatos que prazas deste apartado 3 na OEP, ordenaranse tendo en conta as seguintes valoracións:

1. Antigüidade como acreditado/a a Profesor/a Titular de Universidade ou antigüidade na avaliación positiva para Profesor Contratado Doutor⁴ a 1 de xaneiro de 2016: 1 punto por ano completo, fraccións de ano: proporcional. Máximo: 6 puntos.
2. Antigüidade como Persoal Docente na UDC, a 1 de xaneiro de 2016: 1 punto por ano completo. As fraccións de ano valoraranse de forma proporcional. Máximo: 8 puntos.
3. No caso de empate na suma das puntuacións anteriores, terá prioridade aquel/a profesor/a que primeiro remate o seu contrato como Axudante Doutor/a.

Disposición adicional

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente encargárase de elaborar a prelación de prazas, para isto poderá requirir a información que precise das persoas e departamentos afectados e dos servizos da UDC.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todos os departamentos da universidade o resultado da prelación, da que dará conta ao Consello de Goberno.

⁴ Tomarase como referencia a data da resolución de avaliación positiva asinada polo presidente da CGIACA no caso de acreditación pola ACSUG ou a data de efectos que se recolle na resolución do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no caso de acreditación pola ANECA. No caso de acreditación a Titular de Universidade tomarase como referencia a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades